

UNIDADE SINDICAL CONTRA A TRANSFORMACIÓN QUE NON NOS CONVÉN

A ninguén lle escapa a estas alturas que a Dirección de Telefónica esta empeñada en introducir importantes transformacións tanto nas nosas condicións laborais como salariais, e os traballadores/as dicimos que non temos por que sufrir a "transformación" nin temos nada que gañar con ela...

Queremos dicir as cousas como son: esta empresa é o que é actualmente grazas aos traballadores/as, aos que xa non están e aos que aínda estamos, non foi só o factor capital quen colocou a empresa na situación actual. Por iso non nos podemos deixar convencer de que o mundo empezou onte, que os traballadores/as non pintamos nada e que toda a decisión lle corresponde ao empresario; como tampouco podemos permitir que nos arrebaten o emprego e os dereitos, conquistados e mantidos coas nosas loitas e sacrificios.

A empresa pretende aproveitar o mercado laboral, cada día máis precario, para nos substituír a aqueles que aínda mantemos algúns dereitos e CONVERTERSE NUNHA EMPRESA DE XESTIÓN, para obter cada vez maiores beneficios, precarizando cada vez máis o emprego e as nosas condicións laborais.

A "transformación" que pretende Telefónica é claramente contraria aos nosos intereses como traballadores/as e polo tanto debe ser contestada, con unidade de acción. Todos estamos afectados/as e todos/as somos claramente prexudicados/as pola estratexia da empresa.

Para adaptarse aos tempos actuais poden precisarse cambios, pero non é de recibo que baixo esa escusa se esconda a liquidación do "Contrato de Emprego Colectivo en Telefónica", un concepto que non só inclúe aspectos obxectivos (legais e normativos) senón tamén subxectivos, entre outros, a disposición para defendelo e a lexitimidade moral e económica do dereito ao emprego, único medio de vida que temos os traballadores e traballadoras.

O xiro proposto pola empresa nos últimos convenios e sobre todo no último, o que pretende é precisamente rematar con ese tipo de contrato colectivo, un concepto que recolle o que significou sempre o feito de traballar na Telefónica.

Como sabemos, este "Emprego Colectivo en Telefónica até agora caracterizábase por:

1. Conceptos salariais consolidados crecentes ao longo da vida laboral, até a xubilación.
2. Clasificación profesional; funcións e formación, específicas e determinadas.
3. Ordenación do tempo de traballo; traballar para vivir, horario propio/ familiar ordenado.
4. Localización xeográfica consolidada do posto de traballo.
5. Expectativas de desenvolvemento profesional mediante convocatorias reguladas normativamente.

Debemos ser conscientes de que mesmo a xestión das expectativas persoais de cada quen, de desenvolvemento e duración da vida laboral de cada un dos membros do Colectivo de Telefónica, dependerá da capacidade que teñamos para defender entre todos e todas este contrato colectivo.

O empeño en desfacerse do cadro de persoal e das condicións laborais vén de vello, sempre co mesmo contido, debilitar o persoal, pero con distintas prioridades e intensidade:

1. **A primeira PRIORIDADE ESTRATÉXICA DA EMPRESA FOI A DESTRUCCIÓN DA PREVISIÓN SOCIAL COLECTIVA** (Liquidación da I.T.P.; culminada no 92),
2. **A segunda, A REDUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL** (de 76.000 en 1993 a 28.000 hoxe)
3. **Na actualidade, É O CONTIDO DO NOSO CONTRATO COLECTIVO DE EMPREGO EN TELEFÓNICA** (pasar dunha relación laboral colectiva para toda a vida laboral, a unha relación individualizada para parte da vida laboral, posta en marcha hai tempo e que pretenden culminar durante a vixencia deste Convenio).

Neste proceso de transformación, a Negociación Permanente está a xogar na nosa contra, aínda así debemos ser capaces de parar o que durante a negociación do Convenio Colectivo non nos puideron impoñer. A contundente resposta mobilizadora dos traballadores e traballadoras contra este ataque (e que levou a empresa a unha represión brutal e arbitraria contra algúns dos delegados/as que se situaron á fronte destas), desviou as cuestións claves cara á negociación permanente, establecendo un método de mesas **"de ocultación permanente da negociación"**, do cal a Cláusula 6 do Convenio (Clasificación profesional) e a acta 13 da comisión negociadora son un bo e claro exemplo.

Dado o impacto que tería nas nosas vidas laborais, **a liquidación do Contrato Colectivo de Emprego en Telefónica non é un asunto para resolver por delegación por uns representantes electos para unha lexislatura**. O alcance e a profundidade do cambio que se pretende é de tal entidade que debe ser informado, debatido e aprobado pola totalidade do persoal, un proceso que só se pode dar coas debidas garantías (información e reunión, Asembleas de centro e provinciais, posición dos comités provinciais) durante a **Negociación Colectiva do Convenio**, e que debe rematar nun **referendo vinculante** no que se poida expresar a totalidade dos afectados, o colectivo de traballadores e traballadoras de Telefónica. **Non podemos aceptar o secuestro da Negociación Colectiva por uns poucos**.

O marco establecido polo actual Convenio está esgotado e só **satisfai á empresa** (incumprimento do acordo salarial, da cláusula de emprego, dobre escala salarial, acción unilateral da empresa, escurantismo da negociación permanente...) na súa estratexia de división, ocultación e engano. Esta estratexia empresarial ten dúas das súas principais fronteas na negociación permanente, feita ás costas dos traballadores e traballadoras, e na xestión arbitraria da Normativa Laboral en vigor, para actuar de facto nos centros de traballo.

A terceira destas fronteas é a ideolóxica, que ten como obxectivo a propaganda interna dun mundo ficticio, inexistente, de produción económica sen traballadores/as, sen dereitos sindicais e sen responsabilidade social diante da sociedade á que din servir, un discurso enganador de individualización e "autorresponsabilidade" persoal que ten moi graves consecuencias sociais, de desgaste físico e mental, dramaticamente á vista no "caso France Telecom".

É polo tanto fundamental para a totalidade dos traballadores e traballadoras, independentemente da súa afiliación sindical e da súa situación persoal na empresa, defender a Negociación Colectiva e rexeitar e acabar coa Negociación Permanente; opoñerse con toda firmeza á desregulación normativa e ás relacións laborais individualizadas: Nova Clasificación Profesional, dobre escala salarial...; e defender como sexa o emprego en Telefónica, e polo tanto opoñerse a calquera tipo de despedimentos.

En consecuencia, facemos un chamamento a todo o persoal e a todas as forzas sindicais a desenvolver un esforzo de unidade sindical arredor dos seguintes puntos:

- NON AO MODELO DE GRUPOS PROFESIONAIS PARA A CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.
- NON Á RUPTURA DO SALARIO.
- NON Á PRÓRROGA DO CONVENIO.
- **PECHE DAS MESAS DE NEGOCIACIÓN PERMANENTE.**

FRONTE Á NEGOCIACIÓN PERMANENTE:

MOBILIZACIÓN PERMANENTE!!!

Galiza 25 de maio de 2010